

COMENTARIO MAPA DE TEMPO EN SUPERFICIE (Páx. 78-9) (84-5)

ABAU: Ejercicio práctico:

- Mapas do tempo en superficie: advección do Oeste e anticiclón de verán.



Me pongo las



o saco las



REFRANES DEL CLIMA



Quando el grajo vuela bajo
hace un frío del . . .

Quando vuela a trompicones
hace un frío de . . .



AEMet

Agencia Estatal de Meteorología




▶ Definir mapa de tempo en superficie e “en altura”! e indicar data e estación do ano do mapa a comentar.

▶ Buscar cales son os centros de acción que poidan ter algo que ver co tempo que imos “disfrutar” nas próximas horas.

- Definir anticiclón, depresión...
- Intentar dar o nome e orixe deses centros de acción e indicar a súa localización, (sinalando se é unha situación básica ou de fluxo)


▶ Debemos relacionar (**nalgún momento do comentario**) esa situación en superficie coa situación en altura e a disposición da corrente en chorro

▶ Tras analizar os centros de acción que van a afectar á Península e a súa localización:

- 
- Explicaremos que masa de aire chegará ata nós e cal será a dirección que terá o vento
 - Así poderemos “darlle nome” á situación: *tempo do oeste, do noroeste...* e comentar se é unha situación típica desa época do ano ou non.

▶ Predicir o tempo: usando sempre expresións como: *pode ser, é probable, é posible...*


- Sabendo a masa de aire e a dirección do vento poderemos indicar se vai a ir bo tempo ou, pola contra, vai a chover...




Engadiremos información que xa sabemos!

- >/< precipitacións: segundo sexa a dirección do vento, anchura da Península, disposición do relevo, paso de fronte cálida ou fría ...
- >/< temperaturas: segundo sexa a dirección do vento, diferenza costa/interior...



Mapa nº 1
23- 2- 2002




Mapa nº 2
24- 3- 2002




Mapa nº 3
17- 3- 2002






Mapa - A



Mapa - B



Mapa - C



Tempo do O, paso de fronte








En altura a corrente en chorro circula máis ao sur e con dirección case zonal O-E sobre a Península, o que terá o seu reflexo en superficie cunha situación inestable. **En superficie** destaca a presenza dunha serie de borrascas atlánticas, situadas no O. Atlántico, ao NO das Illas Británicas, esas borrascas forman parte das baixas presións dinámicas existentes nas latitudes temperadas (que nesta época do ano descenden cara ao sur) e levan asociada unha serie de *frontes* (*Fronte Polar*, producido ao chocar o aire frío polar e o aire cálido tropical), que canalizan cara á Península, en dirección case O-E aire *Polar marítimo cálido-Pm* (situación de fluxo). Será, polo tanto, unha situación que podemos denominar tempo do O, (tempo secundario de inverno e moi típico das estacións intermedias) no que as borrascas da Fronte Polar son empurradas pola circulación dominante do oeste das latitudes temperadas e que barrerán a Península de oeste a leste, dando lugar a unhas temperaturas suaves e á sucesión de borrascas e frontes, que provocarán importantes precipitacións, especialmente na metade oeste peninsular, dado que a grande anchura e a disposición do relevo (S.Ibérico, S.Béticos) limitarán a influencia desas masas de aire húmidas, moi debilitadas ao chegar ao leste e sureste do país. Pódese sinalar ademais que esas precipitacións serán máis ou menos importantes e intensas en función do paso da fronte fría, cálida... En Canarias...

Tempo do O, paso de frontes

Definir mapa de tempo...

Definir anticiclón, depresión...








Tempo cálido e estable




En altura a corrente en chorro circula cunha traxectoria zonal O-E en latitudes máis ao Norte de España, como corresponde con esta época do ano, deixando así baixas presións e aire frío á súa esquerda e altas presións e aire máis cálido á súa dereita, aínda que tamén pode atoparse no mapa a presenza dun embolsamento de aire frío ao NO de África, que quizás se desprende do chorro principal e que pode causar certa inestabilidade en superficie. **En superficie** destaca a presenza do Antic. das Azores, (1028mb) que ascende cara ao Norte nesta estación seguindo o movemento aparente do Sol, anticiclón dinámico que pertence ao cinturón dos anticiclóns ou altas presións subtropicais, que deixa tempo seco e estable. Así mesmo tamén se pode intuir a presenza dunha baixa presión térmica no norte de África, debida ao requeentamento e ascenso do aire. A situación do Antic. ao oeste da Península, prolongándose cara ao Cantábrico, impide o paso das borrascas asociadas á Fronte Polar (que si suporán tempo inestable nas Illas Británicas e na costa oeste europea) e canaliza aire *Tropical marítimo cálido - Tm* - que ocasionará tempo caloroso, seco e estable no interior e caloroso e abafante no litoral pola humidade.

Tempo cálido e estable

Definir mapa de tempo...
Definir anticiclón, depresión..






As elevadas temperaturas provocan o ascenso do aire quente, pero a existencia de altas presións en altura impide as precipitacións. Dado o trazado das isóbaras, o aire que aporta o Anticiclón das Azores chegará ás comunidades mediterráneas movéndose por riba do mar, o que pode provocar a aparición de nubosidade orográfica na costa.

Na costa mediterránea andaluza, a chegada de aire *Tropical continental* – TC - procedente do Norte de África, moi cálido e seco, pode orixinar un importante aumento das temperaturas e calimas, ao traer en suspensión partículas de po e area do Sahara.

As Illas Canarias tamén están en situación anticiclónica, a chegada dos *ventos alisios* desde o NE vai a supoñer a aparición de nubes orográficas no norte das illas de maior altitude; no caso das illas máis orientais a chegada de aire seco e cálido do continente africano pode supoñer un aumento importante das temperaturas e a presenza de calimas.

Por outro lado, esa presenza de baixas presións en altura sobre as illas orientais pode provocar certa inestabilidade e a posibilidade dalgún episodio de tormentas.



Selectividade: Ejercicio práctico:

Xuño 2013- Opción- B




- Mapa de tempo

2.-Atendendo ao documento, conteste (4p):


a) Localice as provincias numeradas do 1 ao 4 (Figura 2), indicando cales están en alta e cales están en baixa presión (1p).

b) Comente o documento (Figura 1) atendendo ás seguintes cuestións:


- Identifique o tipo de documento, as figuras isobáricas, fronte e a localización -a grandes trazos- dos mesmos (1p).
- Masas de aire e ventos dominantes nas distintas áreas de España (1p).
- Situación meteorolóxica e tipos de tempo que cabe esperar nas comunidades de Galicia e de Canarias, significando as diferenzas de temperatura, humidade e precipitación (1p).






Mapa nº 1



Mapa nº 2





**Tempo do Norte,
vaga de frío**









En altura a corrente en chorro circula con traxectoria ondulada, trazando unha vaguada profunda que impulsa aire frío sobre Europa occidental. **En superficie** un anticiclón dinámico polar atlántico (que nesta época do ano substitúe ao A das Azores, en posición máis ao sur), situado no O. Atlántico, ao NO de España, e un sistema de baixas presións situado no norte de Europa canalizan cara á Península (**situación de fluxo**), en dirección practicamente norte-sur, aire *Ártico marítimo-Am*, moi frío e seco na súa orixe, pero no seu percorrido cara ao sur humedécese e inestabilízase. Será, polo tanto, unha situación que podemos denominar tempo do Norte, (tempo anticiclónico secundario de inverno) e que provocará un importante descenso das temperaturas na Península, especialmente na súa metade norte, onde probablemente se producirán precipitacións en forma de neve nas zonas de montaña, xeadas nocturnas no interior peninsular... Na metade sur peninsular non será tan importante ese descenso das temperaturas, pois a súa latitude máis ao sur e a disposición dos sistemas montañosos O-E irá dificultando a chegada dese aire frío, e será sobre todo o SE peninsular a zona que quedará máis “ás costas” desa ola de frío, protexida polas Cord. Béticas... En Canarias...

Tempo do N. vaga de frío

Definir mapa de tempo...

Definir anticiclón, depresión...








Tempo do NO, frio e chuvioso




En altura a *corrente en chorro* circula con traxectoria ondulada, trazando unha vaguada profunda que impulsa aire frío cara á Península. **En superficie** destaca a presenza dun anticiclón dinámico polar atlántico (que nesta época do ano substitúe ao A das Azores, en posición máis ao sur), situado no O. Atlántico, ao NO de España, que limita o paso e a acción dun sistema de baixas presións situado sobre as Illas Británicas (borrascas que forman parte da F. Polar). Esa situación canaliza cara á Península, en dirección NO-SE aire *Polar marítimo frío-Pm* (**situación de fluxo**), frío na súa orixe, pero no seu percorrido cara ao sur requéntase, humedécese e inestabilízase. Será, polo tanto, unha situación que podemos denominar tempo do NO, (tempo anticiclónico secundario de inverno) e que provocará un descenso non moi marcado das temperaturas na Península, especialmente na súa metade norte e noroeste, onde probablemente se producirán precipitacións importantes, ao descargar sobre as cordilleiras cercanas á costa a humidade do aire. Na metade sur peninsular e na costa leste non será tan importante ese descenso das temperaturas nin as precipitacións, a disposición dos sistemas montañosos **oeste-leste** irá dificultando a chegada dese aire frío e húmido, e será sobre todo o SE peninsular a zona que quedará máis “ás costas” desa inestabilidade, protexida polas Cord. Béticas...

Tempo do NO, frío e chuvioso

Definir mapa de tempo...

Definir anticiclón, depresión...










Tempo do SO ou do Sur. Temporal no Sur

En altura a *corrente en chorro* circula con traxectoria ondulada, trazando unha profunda vaguada ao oeste da Península, que se reflexará en superficie cunha situación inestable. **En superficie** destaca a presenza dunha importante borrasca, que leva asociadas unha serie de fronte, dita borrasca, situada ao NO de España, canaliza cara á Península aire *Polar marítimo cálido-Pc* (**situación de fluxo**), cunha compoñente máis ben suroeste ou sur, polo que no seu percorrido irá cargándose de humidade, requentándose e inestabilizándose. Será, polo tanto, unha situación que podemos denominar tempo do SO ou S, (tempo típico das estacións intermedias ou secundario de inverno) que provocará temperaturas máis altas do habitual e chuvias na metade sur peninsular, sobre todo no SO (Andalucía occidental, Estremadura...), onde as precipitacións poden ser importantes e ir acompañadas de fortes ventos. Pódese sinalar ademais que esas precipitacións serán máis ou menos importantes e intensas en función do paso da fronte fría, cálida... Nesta ocasión a franxa norte da Península e o NE quedarán lonxe da influencia desas precipitacións, grazas ao papel de “pantalla” que exercen a Cordilleira Cantábrica e o S. Ibérico, pero si terán temperaturas anormalmente altas, debido ao “*Efecto Foënh*” ...

Tempo do SO ou do Sur. Temporal no Sur

Definir mapa de tempo...
Definir anticiclón, depresión...











Tempo do NE, moi frío e seco

En altura a *corrente en chorro* circula con traxectoria ondulada, trazando unha dorsal ou crista profunda sobre Europa occidental, que dará lugar a unha situación anticlónica en superficie. **En superficie** o potente anticiclón térmico europeo (que se forma nesta época do ano debido ao estancamento do aire frío sobre o continente), canaliza cara á Península aire do noreste *polar continental-Pc* (**situación de fluxo**), moi frío e seco na súa orixe, e que no seu percorrido sobre o continente mantén as súas características, a presenza dese A térmico europeo impide o paso das borrascas atlánticas. Será, polo tanto, unha situación que podemos denominar tempo do Noreste, (tempo anticiclónico fundamental de inverno), que provocará un importante descenso das temperaturas na Península, especialmente no noreste peninsular, probablemente se producirá un tempo moi frío e seco, con ceos despexados durante o día e xeadas nocturnas no interior peninsular, formación de néboas matinais... Só na costa a influencia termorreguladora do mar evitará o descenso tan marcado das temperaturas. No litoral mediterráneo e nas Baleares poden producirse nevadas, xa que ese aire frío moverase por riba do mar e absorberá humidade que pode descargar ao chegar á costa.

Tempo do NE, moi frío e seco

Definir mapa de tempo...
Definir anticiclón, depresión...











Tempo do Leste . Temporal en Levante

En altura a *corrente en chorro* circula con traxectoria ondulada, trazando unha dorsal ou crista profunda sobre Europa occidental e unha vaguada sobre o Mediterráneo que supón un embolsamento de aire frío sobre o leste peninsular, o que dará lugar a unha situación inestable en superficie. **En superficie** un potente anticiclón situado sobre o oeste europeo impide o paso das borrascas atlánticas e canaliza cara á Península aire do leste *Polar continental cálido-Pc* (**situación de fluxo**), seco e non moi frío na súa orixe, pero que cambiará as súas características ao facer un percorrido mariño. Será, polo tanto, unha situación que podemos denominar tempo do Leste, (tempo típico das estacións intermedias, especialmente o outono), o aire que procede do continente chegará á costa leste española despois de facer un percorrido por riba do Mar Mediterráneo, a través do cal irá inestabilizándose e cargándose de humidade. Ao chegar á costa mediterránea española provocará importantes precipitacións, acentuadas polo ascenso do aire nos relevos montañosos cercanos á costa. Se ese embolsamento de aire frío en altura se fai moi profundo e chega a esgazarse do chorro principal pode ter lugar un fenómeno de “*gota fría*”, cando esa bolsa de aire frío descende ao chan e obriga a ascender ao aire húmido e cálido das capas baixas, as precipitacións poden chegar a ser moi intensas... Resto España, tempo estable...

Tempo do Leste . Temporal en Levante

Definir mapa de tempo...
Definir anticiclón, depresión..





Precipitações intensas. Gota fría

http://www.uchbud.es/materiales/tiempo_01.pdf

<https://drive.google.com/folderview?id=0B6BtYEOrgnAJWGVTVINfpQd2s&usp=sharing>

<http://www.selectividad.profes.net/geo/Libros/GAGFJ0299Y.pdf>

<http://www.selectividad.profes.net/geo/Libros/GAGFJ0399Y.pdf>

<http://es.slideshare.net/Emilydavison/comentario-de-mapas-meteorologicos-tipos-de-tiempo-en-espaa>

[http://www.iesgaherrera.com/files/GEOGRAF%C3%8DA%20\(Bachillerato\)/1_2_Tipos_de_tiempo__Mapas_de_tiempo.pdf](http://www.iesgaherrera.com/files/GEOGRAF%C3%8DA%20(Bachillerato)/1_2_Tipos_de_tiempo__Mapas_de_tiempo.pdf)

https://fineaggm.files.wordpress.com/2012/10/tipos-de-tiempo-atmosfc3a9rico-en-espac3b1a_anaya.pdf

